




Área / Unidada GABINETE DE ALCALDIA GA0000 MCCC	Documento GA018100GN	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/3676/2024 03/07/2024
Código de verificación  431X 2V4Q 3P3A 3W67 04VQ	Expediente GA0/2023/151	
	Fecha 03-07-2024	

DECRETO

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ESTRUTURA DIRECTIVA DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O MANDATO MUNICIPAL 2023-2027

FUNDAMENTOS LEGAIS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cuxa redacción resultou modificada posteriormente pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, establece no seu artigo 130 a configuración dos órganos superiores e directivos dos concellos que, como o da Coruña, se regulan polo réxime dos municipios de gran poboación do Título X.

O mencionado artigo 130 distingue entre órganos superiores e órganos directivos municipais. Entre os órganos directivos, figuran os seguintes: os coordinadores xerais de cada área ou concellaría, os directores xerais ou órganos similares que culminen a organización administrativa dentro de cada unha das grandes áreas ou concellarías, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao concelleiro-secretario da mesma, o titular da asesoría xurídica, o secretario xeral do pleno, o interventor xeral municipal e, no seu caso, o titular do órgano de xestión tributaria. Terán tamén a consideración de órganos directivos os titulares dos máximos órganos de dirección dos organismos autónomos e das entidades públicas empresariais locais, de conformidade co establecido no artigo 85 bis, parágrafo b).

De acordo co artigo 132 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM), os coordinadores xerais e os directores de área serán nomeados e separados pola Xunta de Goberno Local entre funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional ou funcionarios de carreira das entidades Locais, das comunidades autónomas ou do Estado, aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, de conformidade co disposto no artigo 130.3 da Lei de bases do réxime local. Así mesmo, de acordo do ROM, nos ámbitos funcionais que determine o Concello, poderán existir postos directivos cuxo titular non reúna a condición de funcionario/a.

Os órganos superiores e directivos quedan sometidos ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

Pola súa parte, o Regulamento Orgánico Municipal (ROM) do Concello da Coruña, aprobado de forma definitiva polo pleno da corporación municipal celebrado o 2 de novembro de 2004 e publicado no BOP número 285, do 13 de decembro de 2004, regula no seu Título X os niveis esenciais da organización municipal. Ao respecto, establece no



Concello da Coruña

seu artigo 122 que terán a consideración de niveis esenciais da organización municipal as grandes áreas de Goberno, os coordinadores xerais, os directores de área ou órganos asimilados que culminan a organización administrativa, de acordo co establecido nos artigos seguintes.

Así mesmo, sinala o ROM, a continuación, que **corresponderá ao/á alcalde/sa a determinación do número de cada un de tales órganos, o establecemento de niveis complementarios inferiores de organización e, en definitiva, a organización e estrutura da administración municipal executiva.**

O marco da actual configuración das áreas municipais de xestión do Concello da Coruña foi establecido polo Decreto 3531/2024, ditado pola Alcaldía o 19 de xuño de 2024 e publicado no BOP número 122, de 26 de xuño de 2024. Nese documento, faise constar que, segundo o establecido no artigo 126 do ROM, a dirección das áreas, así como dos sectores de actividade integrados nas mesmas, corresponderá aos responsables de cada área, que serán nomeados e cesados libremente pola Alcaldía, correspondéndolle tamén á presidencia da corporación municipal, por decreto da Alcaldía, a determinación do número, denominación e ámbito de competencia das áreas.

No Decreto 3531/2024 establécese que a organización e estrutura do goberno local queda conformada pola Alcaldía-Presidencia e dez Áreas de Goberno con competencias sectoriais.

A organización administrativa actualmente existente é a resultante da Relación de Postos de Traballo e organigramas aprobados, que serven de referencia a esta resolución, xunto coas áreas municipais de xestión establecidas no Decreto 3531/2024.

O obxectivo desta determinación da estrutura directiva do Concello da Coruña reside en acadar unha xestión máis áxil, eficaz e eficiente dos servizos e dos recursos desta Administración local, en consonancia co mandato do artigo 103 da Constitución española e cos principios xerais aos que se someten as administracións públicas á hora de servir á veciñanza, fixados no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Coa configuración establecida neste decreto, existirá, dependente da alcaldesa, unha Coordinación Xeral de Alcaldía e unha ou varias direccións de área, e as áreas de Goberno coordinadas por concellarías delegadas, contarán cunha ou varias direccións de área e, dependendo delas, unha ou varias xefaturas de servizo.

As xefaturas de servizos son as unidades administrativas encargadas da xestión dos asuntos ordinarios dun ou varios ámbitos competenciais e funcionais homoxéneos dentro da área.

Os/as directores/as de área son os/as titulares dos órganos directivos da xestión dunha área aínda que podan depender de un ou varios concelleiros ou concelleiras en aplicación do Decreto 3531/2024 de estrutura de goberno:

Correspóndelles:

- Propoñer os proxectos da súa dirección para alcanzar os obxectivos establecidos polo/a concelleiro/a responsable da área, dirixir a súa execución e controlar o seu adecuado cumprimento.
- Exercer as competencias atribuídas á dirección e as que lle sexan desconcentradas ou delegadas.



- Propoñer, nos restantes casos, ao/á concelleiro/a da área ou ao/á titular do órgano do que dependa, a resolución que estime procedente sobre os asuntos que afectan ao órgano directivo.
- Impulsar e supervisar as actividades que forman parte da xestión ordinaria do órgano directivo e velar polo bo funcionamento dos órganos e unidades dependentes e do persoal integrado nos mesmos.
- As demais atribucións que lle confiran as leis e regulamentos.

A persoa titular da **Coordinación Xeral de Alcaldía** correspóndelle a competencia de apoio á Alcaldesa na planificación da actividade municipal e da Área de Alcaldía, mediante o correspondente asesoramento nas decisións daquela.

De conformidade cos antecedentes expostos, en uso das atribucións que me confiren os apartados b), g) e k) do artigo 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e co disposto nos artigos 122 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal e demais lexislación de aplicación,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- De acordo co disposto no Decreto 3531/2024, ditado pola Alcaldía o 19 de xuño de 2024, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no ROM, e nos organigramas administrativos vixentes que establecen a estrutura dos diferentes servizos municipais, a estrutura directiva desta Administración municipal quedaría configurada da seguinte maneira:

ALCALDÍA

1. COORDINACIÓN XERAL DE ALCALDÍA:

Ámbito funcional:

- Secretaría particular.
- Servizo de Alcaldía.
- Impulso da Axenda Urbana municipal.
- Coordinación xeral da Alcaldía e das direccións de área adscritas á Alcaldía.
- Relacións interadministrativas e institucionais da Alcaldía.

A persoa titular da Coordinación Xeral da Alcaldía terá, entre outras, as seguintes funcións:

1. Apoio e asistencia á alcaldesa na planificación, programación e control do conxunto da actividade municipal, na dirección do Goberno e da Administración municipal e da propia da Área de Alcaldía, trasladando as directrices da política e xestión municipais ás diferentes Áreas de Goberno.
2. Coordinación das direccións de área adscritas á Alcaldía.
3. Coordinación da Axenda Urbana da cidade.
4. Impulso ás relacións institucionais municipais.
5. Aquelas funcións de orde superior e executivo que lle sexan encomendadas pola Alcaldía.



2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE GABINETE DA ALCALDÍA:

- Coordinación Institucional e Planificación Estratéxica.
- Departamento de Relacións Públicas e Protocolo.
- Comunicación pública e institucional.
- Gabinete de Prensa.
- Transparencia.
- Axenda da Alcaldía.

3. DIRECCIÓN DA ÁREA DE ASESORÍA XURÍDICA

- Servizo de Asesoría Xurídica

CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

- Servizo de Recursos Humanos
- Servizo de Contratación
- Servizo de Concesións e Patrimonio Municipal
- Servizo de Xestión Tributaria
- Servizo de Intervención Xeral

2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE RECURSOS ECONÓMICOS E DIXITALIZACIÒN

- Servizo de Tesourería Xeral
- Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
- Servizo de Proxectos e Estratexias con Fondos Europeos
- Servizo de Informática
- Servizo de Innovación Tecnolóxica
- Servizo de Atención Cidadá e Interior

3. DIRECCIÓN DA ÁREA DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

- Servizo de Planificación Urbana e proxectos estratéxicos
- Servizo de Economía e Investmentos
- Servizo de calidade dos servizos

CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE BENESTAR

- Servizo de Servizos Sociais
- Servizo de Acción Social
- Servizo de Igualdade
- Servizo de Participación e Innovación



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE INFRAESTRUTURAS

- Servizo de Infraestruturas

2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE MOBILIDADE

- Servizo de Mobilidade Urbana

CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

- Servizo de Medio Ambiente

CONCELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE CULTURA

- Servizo de Cultura e Memoria Histórica
- Servizo de Museos Científicos
- Servizo de Bibliotecas
- A unidade administrativa de Normalización Lingüística quedará adscrita á Dirección da Área de Cultura

2. DIRECCIÓN DA ÁREA DE TURISMO

- Servizo de Turismo

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE URBANISMO

- Servizo de Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística
- Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
- Servizo de Rehabilitación e Vivenda
- Servizo de Edificación

CONCELLERÍA DE DEPORTES

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE DEPORTES

- Servizo de Deportes



CONCELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E MERCADOS

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE EMPREGO, COMERCIO E MERCADOS

- Servizo de Emprego e Empresa
- Departamento de mercados

CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN

- Servizo de Educación

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ E INTERIOR

1. DIRECCIÓN DA ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ

- Servizo de Seguridade Cidadá
- S.E.I.S.
- Policía Local

SEGUNDO.- O órgano competente en cada caso, en execución e desenvolvemento desta estrutura directiva establecerá as delegacións de competencias, de sinatura, os sistemas de suplencia e as regras de coordinación que procedan, ao abeiro do ordenamento xurídico e para un óptimo cumprimento dos obxectivos perseguidos con esta estrutura directiva. Aplicaranse, en todo caso, as disposicións xerais do Regulamento Orgánico Municipal e demais normativa de referencia para as funcións directivas.

Nos casos de vacante dos postos correspondentes ás direccións de área ou de ausencia ou enfermidade, agás que pola Alcaldía se estableza o contrario, as persoas titulares destas supliranse entre si, de tal forma que a situada en primeiro lugar substituirá á situada no segundo, esta á situada no terceiro e así sucesivamente, de acordo coa orde que se deriva da súa enumeración neste Decreto.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local, se así o acorda, ditará as medidas necesarias en canto á Relación de Postos de Traballo, nomeamento de titulares de órganos directivos e outras que procedan no seu ámbito competencial. A modificación da Relación de Postos de Traballo que poda decidirse, coa fin de adaptarse ás necesidades da estrutura de goberno e directiva, establecerá as adscricións procedentes a cada área de xestión e órganos directivos.

CUARTO.- Segundo o establecido na Disposición Adicional décimo quinta da Lei 7/85, as persoas titulares dos órganos directivos municipais quedan sometidas ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normas estatais e autonómicas de aplicación.



Concello da Coruña

Os funcionarios designados como titulares dos anteriores órganos directivos pasarán á situación administrativa de servizos especiais nas súas correspondentes administracións, de acordo co disposto no artigo 87 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

QUINTO.- Dar conta deste decreto á Xunta de Goberno Local e ao pleno da corporación municipal.

SEXTO.- Notificarlle este acordo a todas as áreas e concellerías delegadas, direccións de áreas e xefaturas dos servizos municipais.

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento electrónico.

A Alcaldesa
Inés Rey García